



'EGUNKARIA', PARA VIVIR LIBRES NO MUNDO

O 20 de febreiro cumpríronse cinco anos do peche do xornal vasco e ninguén puido demostrar a súa conexión con ETA



IMANOL DORCA
Vicepresidente da Asociación Altermundo e membro do Consello de Redacción desta publicación

Martin Ugalde foi un dos máis respectados escritores tanto en Euskal Herria coma en Venezuela, onde pasou 22 anos no exilio por mor do alzamento de Franco. Nado en Andoain, en 1967 decidiu volver a Euskal Herria coa intención de ver os seus fillos medrar en éuscaro e escribir en éuscaro na súa terra. Foi un home íntegro e radical na defensa do idioma, o que lle valeu discusións mesmo dentro do seu partido, o PNV.

Se por algo se caracterizou durante toda a súa vida foi pola súa coherencia e por ser un fervente defensor das liberdades e dos dereitos humanos, quer no seu país, quer no exilio. Ugalde finou en 2004 cos seus bens e contas embargadas, e a súa dignidade só foi devolta trala súa morte. O seu erro: ser presidente de honra do que era naqueles intres o único xornal en éuscaro: *Euskaldunon egunkaria*.

A aventura de *Egunkaria* comezou a finais de 1989, cando un grupo de mulleres e homes da cultura e a lingua vascas vi-

ñecemento da sociedade vasca por parte do xuíz Del Olmo, que no seu auto adxudicaba a orixe deses fondos a ETA. Como di o escritor Iñigo Aranbarri "como imos facerlle comprender a un louco xuíz que nesta Europa neoliberal aínda hai xente disposta a poñer cartos, a casa dos pais e mais a suor diaria nun negocio, non para gañar cartos senón para ler o mundo todos os días na súa propia lingua? Para ler o xornal! Cando dan diarios de balde nas entradas das estacións!". A Garda Civil tampouco foi quen de comprendelo. "Yo no pondría un duro por el idioma español", recoñeceu un axente a un dos acusados. Non entendían que a xente puxera cartos do seu peto polo éuscaro.

O 6 de decembro de 1990 editouse o primeiro número de *Egunkaria*. Daquela, quen podería pensar que a ilusionante aventura tería un final tan trágico? O xornal foi consolidándose co tempo, das 32 páxinas iniciais pasou a unhas 70 diarias e converteuse nun xornal que non tería nada que envexarlle a ningún outro. Até que chegou o fatídico día...

O 20 de febreiro de 2003, a Garda Civil irrompeu na redacción de *Euskaldunon Egunkaria* en Andoain e nas casas de 10 directivos do xornal, que ficou pechado cautelarmente por 6 meses(sic), clausura que será prorrogada varias veces até o 2 de febreiro do 2005, data na que o xuíz Del Olmo ordenou a liquidación das empresas intervidas. Curiosamente, a orixe da operación estaba nuns papeis incautados a algún membro de ETA dez anos antes e que a Garda Civil



Cartel conmemorativo e reivindicativo: "20 de febreiro, 5 anos sen 'Egunkaria'. Para poder vivir libres

decidiu remexer en 2001. Foron con eles ao xuíz Garzón, mais rexeitou o caso. Chamaron entón á porta de Del Olmo e el si pediu a investigación.

Hogano hai 2 sumarios abertos, que poderíamos denominar como o político e o económico. O principal, ou político, baséase en que *Euskaldunon Egunkaria* foi creado ao servizo de ETA –con achegas económicas da banda armada– e en que os acusados, directivos de *Egunkaria*, actuaban en favor desa organización. Anos máis tarde, no 2006, o fiscal da Audiencia Nacional Miguel Ángel Carballo solicitou o arquivo do caso *Egunkaria* ao non atopar relación entre o xornal e ETA. No seu informe, o fiscal recoñece que o único que se puido demostrar é o interese que ETA amosou polo proxecto. Ao non haber ningún prexudicado polos presuntos delitos, non hai acusación particular, mais si acción popular, exercida polas

asociacións *Dignidad y Justicia* e AVT. No económico, o fiscal aprecia irregularidades, mais a Deputación Foral de Gipúscoa, responsábel da Facenda Foral na que tributaba *Egunkaria*, determina nun informe que as empresas do grupo non cometeron fraude ningunha.

A clausura de *Egunkaria* suscitou unha ondada de rexeitamento na sociedade vasca, que tivo os puntos máis salientábeis en dous feitos: días despois da operación da Garda Civil, as rúas de Donostia viviron a que posibelmente foi a máis concorrida manifestación da súa historia. A sociedade vasca amosaba o seu rexeitamento ao peche e a súa solidariedade coas persoas que aínda estaban na cadea. Doutra banda, a lingua vasca non podía quedar sen un xornal, e os traballadores de *Egunkaria* traballaron arreo para, ao día seguinte do peche, sacar ás rúas un novo. Nacía así o

diario "de transición" *Egunero*, até o nacemento de *Berria*. A sociedade volveu responder. Suscribíronse accións por un valor de 4.595.900 euros e *Berria* vía a luz o 21 de xuño do 2003.

As mostras de solidariedade dende fóra de Euskal Herria foron moitas, polo menos dende os sectores que foron quen de informarse. É curioso o tratamento –ou a falta del– que se fixo e se está a facer do caso na meirande da prensa tradicional. Unha prensa que adoita ser tremendamente corporativista. Por poñer un exemplo, resulta abraiante que quen trata de atentado a liberdade de expresión a non renovación da licenza dunha canle de televisión que toma parte activa nun intento de golpe de estado, pasara no bico dos pés polo caso *Egunkaria*, ou mesmo o xustificase. Foi, sen dúbida, o meirande atentado á liberdade de expresión da historia democrática do Estado español. ●

O FISCAL DA AUDIENCIA NACIONAL SOLICITOU O ARQUIVO DO 'CASO EGUNKARIA' EN 2006 AO NON ATOPAR RELACIÓN ENTRE O XORNAL E A BANDA ARMADA

ron a necesidade de crear un xornal integramente en éuscaro. Púxose en marcha a iniciativa *Egunkaria Sortzen* –creando o xornal. Na primavera de 1990, unhas 3.000 persoas traballaron voluntariamente na campaña para dar a coñecer o proxecto e recadar os fondos económicos para dar conta del. Conseguiron uns 300.000 euros por medio de accións-participacións de entre 30 e 3.000 euros. Velaí un dos puntos que amosa o desco-

da Civil irrompeu na redacción de *Euskaldunon Egunkaria* en Andoain e nas casas de 10 directivos do xornal, que ficou pechado cautelarmente por 6 meses(sic), clausura que será prorrogada varias veces até o 2 de febreiro do 2005, data na que o xuíz Del Olmo ordenou a liquidación das empresas intervidas. Curiosamente, a orixe da operación estaba nuns papeis incautados a algún membro de ETA dez anos antes e que a Garda Civil

JOSEBA BARRENETXEA



PARA QUE QUERERÍA ETA UN XORNAL ASÍ?

Na primeira operación policial contra *Egunkaria* foron detidas dez persoas. O décimo primeiro era Martin Ugalde. De non ser pola súa idade e estado de saúde non hai razón ningunha para pensar que el tamén seguiría o mesmo camiño: a incomunicación durante 5 días nos calabozos da Audiencia Nacional e, segundo declararon os detidos, sobranceiros persoeiros da cultura euscaldúa todos eles, un trato como mínimo vexatorio.

Días máis tarde, oito persoas máis –relacionadas con *Egunkaria*, o Parque Cultural Martin Ugalde e Elkar-Zabaltzen– foron tamén detidas. Cinco dos acusados, xente con sona na defensa e promoción do éuscaro coma o xesuíta Txema Auzmendi,

denunciaron seren torturados. Até agora, a única denuncia que segue adiante é a do conselleiro delegado de *Egunkaria* S.A. Iñaki Uribe. Todos eles tiveron que pagar fianzas que van desde os 12.000 aos 60.000 euros e teñen as súas contas bancarias bloqueadas. Cinco anos máis tarde da operación, os acusados e un gran número de persoas que os apoian, solicitan que non se celebre xuízo e se archive o caso. E é que como di o director Martxelo Otamendi, "se ETA non financia un periódico, non elixe os directivos, nin ten afinidade cos contidos do xornal, para que quere ETA un xornal?"

+INFO: www.egunkaria.info

www.javierortiz.net/voz/egunkaria/